


# Máis vale previr que lamentar

Para estar seguro,   
confía no teu corredor.

O teu corredor de seguros sempre te informa... Se non estás seguro, búscanos

Boletín Mensual  
Nº 27 / Maio 2015

## Tes bote salvavidas...? Pois fai un seguro de Vida



Cando lle preguntaron ao Dalai Lama que o sorprendía da Humanidade contestou isto:

*“O que máis me sorprende do home occidental é que perde a saúde para gañar diñeiro, despois perde o diñeiro para recuperar a saúde. E por pensar ansiosamente no futuro non goza o presente, polo que non vive nin o presente nin o futuro. E vive coma se non tivese que morrer, e morre coma se nunca vivise”.*

Vivir tranquilos supón considerar algunhas dúbidas sobre a nosa existencia e a nosa forma de actuar. Cando rematas os estudos buscas o primeiro emprego. Os anos danche experiencia, estabilidade laboral e independencia. Entón asumes as túas propias responsabilidades: formas unha familia e compras unha casa, dous dos compromisos máis importantes que adquirimos durante a nosa vida.

**Chega un momento no que te preguntas se necesitas contratar un seguro de Vida. O teu fogar está hipotecado, os teus fillos queren ir á universidade e ninguén vive eternamente...**

### O teu bote salvavidas

Para que fagas unha idea da súa importancia, **en 2013 indemnizou 55.000 familias por 1.740 millóns de euros. E no caso dos aforradores, segundo Unespa, 9 de cada 10 cun seguro de**

**Vida** non teñen por que preocuparse polos vaivéns dos mercados: a súa rendibilidade está garantida.

Se xa consideras contratar esta póliza, debes escoller entre dúas opcións: **Aforro ou Risco**. Un é para protexer a túa familia no caso de que faltes e o outro para garantir o teu benestar económico a unha determinada data. Poden combinarse ambas as dúas modalidades. Estaríamos fronte a un **seguro de Vida Mixto**.

### Na saúde e na enfermidade

Os seguros de Vida poden protexer en caso de **discapacidade ou enfermidade grave**. Hai ocasións nas que podemos abandonar o traballo por discapacidade (absoluta ou total). Outras veces, xorde unha enfermidade grave. En ambos os dous casos, estes seguros poden garantir rendas ou anticipos de capital.

Non obstante, **a súa esencia é coidar a vida dos fillos e do cónxuxe aliviando as consecuencias económicas que supón o falecemento da persoa que máis ingresos achega á familia**. Nestas circunstancias, os beneficiarios perciben unha indemnización ou renda.

Din que cando un está a punto de morrer, repasa a historia da súa vida. Ninguén se arrepinte por fracasar cando intentaba cumprir os seus soños. O que doe é non intentalo. É verdade... todos estamos de paso.

Aproveita o teu tempo, goza a túa existencia ao cen por cen, calcula os seus riscos e protexe a túa economía cun bo seguro de Vida.

## Consumidores denuncian 3 operadoras telefónicas por “cláusulas abusivas” nos seguros de “smartphone”

**España é un país con 24 millóns de teléfonos intelixentes repartidos entre 46,5 millóns de habitantes**. Son aparatos de prezo elevado con avarías custosas que necesitamos protexer. Se decides aseguralo a través da compañía telefónica, le o contrato antes de asinalo, comproba que está redactado con “sentido común” e respecto á legalidade.

A asociación de consumidores Facua denunciou 3 compañías de teléfonos por incluír “cláusulas abusivas” nos seguros que comercializan para móbiles novos.

Segundo os seus datos, **as compañías de teléfonos denunciadas reducen a 24 e 48 horas o tempo que lle conceden a un asegurado para denunciar o roubo ou furto dun terminal, cando a Lei de contrato do seguro prevé 7 días**, salvo que a póliza fixe un prazo máis amplo.

Esta limitación vai contra a Lei de contrato de seguro e está cualificada como “abusiva” na **Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios**, onde se tachan de abusivas aquelas prácticas que causan “un desequilibrio importante dos dereitos e obrigas das partes que deriven dun contrato”.

### Reflexións e “letra pequena”

Antes de asinar o teu seguro de móbil le, pensa e consúltanos se o necesitas.



## Seguros de saúde: Un non sabe o que ten ata que o perde



O meu amigo Pepe tiña unha noiva á que nunca lle facía caso. Era unha rapaza estupenda, das de "ata que a morte nos separe". Permitíalle todos os caprichos: comer máis da conta, beber cos amigos, tomarse no sofá... Pepe quería moito "ao seu xeito". Pasaron os anos, a noiva cansouse, deixou plantado o meu amigo e Pepe enfermou porque a súa noiva de toda a vida era a súa saúde.

Entón visitou o médico. Non ía ao Centro de Saúde dende pequeno. Mentres agardaba a súa quenda na sala de espera meditou sobre cousas que non cambian nunca: algunha vez enfermamos e dependemos de que outros nos curen. De neno, envexaba os médicos porque traballaban con enfermos, pero nunca "se poñían malos". Por que? Unha vez o mestre explicoulles que os médicos se coidaban sós: levaban unha vida saudable e, como coñecían moitos doutores, buscaban o mellor de cada especialidade.

Vaia, vaia... igual que un seguro de Saúde.

### Como elixir?

**O mellor seguro de Saúde é o que mellor resolve as túas necesidades.** Dito así parece sinxelo. Pero... como o encontras? No mercado hai moitas propostas que se axustan a cada situación e persoa, nós coñecemos todas as op-

cións, coñecémoste a ti e poñémosche enriba da mesa as mellores alternativas.

**Á hora de contratar un seguro de Saúde é importante** valorar certos aspectos: **cadro médico, especialidades médicas, cirúrxicas, probas diagnósticas, os servizos dentais. Tamén períodos de carencia, posibilidade de reembolsos e os copagamentos.** Nós explicámoscho. **TÚ ELIXES.** As enfermidades e a Sanidade privada teñen algo en común: non te fan esperar porque actúan rapidamente.

Ademais, se es autónomo podes desgravar o seguro de Saúde ata 500€ por cada membro da unidade familiar (cónxuxe e fillos). Se tes persoas empregadas as primas dos seguros de Saúde dos teus traballadores son gastos deducibles no Imposto de Sociedades.

E se es empregado por conta allea, o seguro de Saúde que che paga a empresa non computa como retribución en especie (ata 500 euros).

Por certo... O noso amigo Pepe ten que entrar na consulta. Engordou bastante nos últimos quince anos. Agora acórdase do seu mestre. Dícialle: **"se queres vivir san almorza como un rei, come como un príncipe e cea como un mendigo"**.

Tomamos nota...?

## Seguros SI, fraude NON: por cada euro destinado a investigar, antifraude recupera 43

**Sabías que en España se produce un intento de fraude ao seguro cada 1 minuto e 16 segundos?** En 2014, detectáronse 155.994 intentos de estafa manipulando siniestros, que suporían o pagamento de 586 millóns de euros. As redes sociais axudaron a descubrir algunhas estafas. É o caso dun pobo que celebraba as súas festas patronais. Unha das actividades principais foi a festa taurina con vacas novas. Resulta que o propietario dun restaurante asegurou que fora arremetido por un animal que lle partiu ambas as dúas pernas.

Non obstante, o relato deixaba entrever contradicións que alertaron a aseguradora. A póliza excluía a práctica de deportes de risco e a asistencia a encerros. Rastrexando nas redes sociais descubriron unha gravación que demostraba como o seu asegurado gozaba da festa taurina na mesma arena.

### Píllase o mentireiro...

As aseguradoras tamén dispoñen doutros sistemas de detección propios. Segundo o estudo "A fraude no seguro español" de ICEA (Investigación Cooperativa entre Entidades Aseguradoras e Fondos de Pensións), **as compañías conseguen recuperar 43 euros por cada 1 euro que dedican a investigar as posibles fraudes.**

A maioría corresponden a siniestros simulados, manipulados ou esaxerados. Aínda así, os seguros tiveron que desembolsar 160 millóns de euros. Isto supón unha recuperación do 72,6% das cantidades reclamadas inicialmente.

A loita contra a fraude repercute en todos os asegurados.

**Normalmente os protagonistas dos enganados en siniestros menores de 500 euros son particulares,** se ben está confirmada a existencia de redes organizadas. 7 de cada 10 intentos de engano foron en automóviles e séguenlles fogar, comercio, pemes e responsabilidade civil.



Investigación